



## CONCURSO DE ARTE PIXELADA DAS “II XORNADAS VIDEOXOGO E LITERATURA”

Dentro das “II Xornadas Videoxogo e Literatura. Unha mirada transversal”, a Fundación Carlos Casares, con CIF G36907244 e domicilio social en Rúa Palanca, 36370, Nigrán (en diante, a organización), desenvolve un concurso de arte pixelada ou *pixel art* (en diante, o Concurso) co fin de dar voz e visibilidade a artistas en formato dixital, ademais de utilizar a plataforma do Museo de Arte Contemporánea de Vigo (MARCO) para expoñer a obra de artistas que se presenten ao concurso.

### BASES

**PRIMEIRA. OBXECTO.** O obxectivo do Concurso é a creación dunha obra de arte pixelada ou *pixel art* de acordo coa temática e as características técnicas que se sinalan no punto terceiro das bases. Soamente se admite unha obra por participante.

**SEGUNDA. PARTICIPANTES.** Todas as persoas interesadas en participar deben ser maiores de 18 anos, residentes en España e deben seguir as redes sociais oficiais das Xornadas, polo menos durante a duración das mesmas (Instagram: [@videoxogoliteratura](#); Twitter: [@LiteraturaXe](#)). A organización reserva o dereito para rexeitar a participación de calquera persoa que, segundo o seu criterio, non reúna os requisitos descritos nas presentes Bases.

**TERCEIRA. OBRAS.** As persoas participantes deberán garantir a orixinalidade e creación artística da obra, non admitíndose copias e/ou propostas presentadas noutros concursos, así como tampouco a automatización parcial ou total do proceso creativo. Tamén garantirán que a creación non inclúa contido de carácter ilegal, ilícito, indecente, obsceno, racista, sexista ou moralmente ofensivo.

As creacións poden ser de calquera formato de arte pixelada ata un máximo de 512 x 512 píxeles. O tema das creacións artísticas para este Concurso debe estar relacionado coa novela *Ilustrísima* de Carlos Casares, da que se conmemora este ano o 40 aniversario da súa publicación. As obras presentadas estarán relacionadas con situacións, personaxes ou capítulos da novela.

**CUARTA. PRAZOS E ENVÍO.** O prazo de presentación das obras comeza no momento en que se anuncie nos soportes da organización e ata o día 10 de setembro de 2020 ás 23.59 horas. As obras deben remitirse a: [concursos@videoxogoeliteratura.gal](mailto:concursos@videoxogoeliteratura.gal). O envío deberá conter o nome completo e data de nacemento da persoa participante, o título da obra e o arquivo da obra en formato de imaxe.

**QUINTA. XURADO.** O xurado estará composto por expertos no mundo do videoxogo, da literatura e da ilustración artística, e elixirá dúas obras gañadoras segundo os seguintes criterios:

>>> Calidade estética e artística da obra.

>>> Orixinalidade da proposta.

>>> Capacidade de adaptación e de adecuación da obra ao relato escollido.

Establécese un Primeiro Premio, dotado con **250 euros**, e un Segundo Premio, dotado con **125 euros**. O Concurso pode declararse deserto polo xurado se, ao seu xuízo, non se alcanza a calidade adecuada.

**SEXTA. DEREITOS.** Os dereitos de autor das obras presentadas pertencen aos seus respectivos creadores e creadoras. As persoas participantes aceptan que os seus nomes, imaxe e material gráfico da súa obra sexan publicados nos soportes da organización do evento e nas redes sociais e medios de comunicación (prensa online ou física). Tamén aceptan que os seus nomes de usuario e imaxes de perfil sexan mostrados nos soportes da organización. Por último, aceptan que as súas obras poidan ser expostas nalgunha das dependencias do Museo de Arte Contemporánea de Vigo (MARCO) de forma temporal.

